



**PROGRAMA
PSdeG-PSOE
DE TEO
PARA AS
MUNICIPAIS DO
28-MAIO-2023**

Os e as socialistas de Teo queren retomar o modelo de progreso social, urbanístico e medioambiental que impulsamos desde as áreas de goberno que tivemos no período 2015-2021.

Non queremos voltar ao modelo de principios de século.

Non queremos seguir estancados con gobernos que tapan a súa debilidade con imposicións.

O PSOE de Teo ten e defende un modelo de goberno serio e responsable, sen veleidades políticas e cun único obxectivo: o progreso de Teo e da cidadanía teense por riba de todo.

Aquí tedes o noso modelo.

BO GOBERNO LOCAL

A xestión municipal de Teo debe ser transparente, o **gasto público debe ser diáfano**, porque cada veciño debe coñecer en que se gasta cada euro público.

Para este obxectivo, os Socialistas de Teo comprometémonos a **Reformulación do TEO DECIDE**, tanto a través de internet como presencialmente, para decidir sobre cuestións estratéxicas como por exemplo a orde de prioridades das inversións municipais.

As inversións nas parroquias teenses deben responder ás necesidades da súa veciñanza, e ter en conta as singularidades sociais de cada unha das zonas.

Portal de Transparencia, mellora do mesmo como unha aposta real para garantir a claridade e a honestidade como forma de goberno e rendición de contas. Neste Portal, incluíranse o obxecto de cada euro público.

Aproveitar a existencia do XEOPORTAL para incluír as obras previstas e en execución.

Sen límites á información, as contas e os proxectos claros.

Axenda pública dos representantes municipais: onde farase participe á cidadanía da súa actividade institucional e a presenza en actividades asociativas.



Celebración anual dun **Pleno de debate sobre do estado do concello** no que se avalíen os proxectos e problemas do concello.

CÓDIGO ÉTICO: Os cargos electos non aceptarán regalos, salvo os de carácter simbólico.

Compromiso de denuncia ante calquera posible actuación ilegal cometida por calquera persoa da corporación municipal.

REFORMULACIÓN DA REVISTA MENSUAL MUNICIPAL PARA DAR CABIDA Á INFORMACIÓN DOS PARTIDOS DA OPOSICIÓN: unha revista que pagamos todos, debe ser de todos.

Axilización do pagamento de facturas a provedores, especialmente ás PYMES teenses.

Aprobación anual de orzamentos municipais, evitando as prórrogas orzamentarias .

REVISIÓN DA POLÍTICA FISCAL DO CONCELLO NO SEU CONXUNTO, para incluír criterios de progresividade.

Avaliación dos servizos asumidos nos últimos anos de xestión directa, así como programa de control das concesionarias do concello, especialmente do **CONTRATO DE RECOLLIDA DO LIXO.**

Revisión de la política contractual do Concello: Inclusión de **CLÁUSULAS SOCIAIS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS PÚBLICOS.**

Elaboración dunha **Relación de Postos de Traballo (RPT)** que optimice e adecúe a estrutura administrativa municipal á realidade actual do concello de Teo e ás súas expectativas de crecemento no curto e medio prazo.

Creación dunha **OFICINA MUNICIPAL DE ATENCIÓN AO MAIOR,** de asesoramento e axuda na tramitación administrativa.

Mantemento do CLIA e do FoPIA, como forma de inclusión das necesidades dos nosos mozos/as e nenos/as na axenda política municipal.

MODELO XUSTO DE CRECEMENTO SOCIOECONÓMICO

Teo debe ter XA un modelo propio de **IMPULSO AO COMERCIO LOCAL**:

Creación dun CENTRO COMERCIAL ABERTO: un espazo único e integrado de comercios e negocios, cunha imaxe e estratexia única, en colaboración coa **ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TEO**, asociación á que apoiaremos e impulsaremos.

Revitalizaremos o comercio a pé de rúa apostando pola creación dunha **TARXETA DE FIDELIZACIÓN CO COMERCIO TEENSE**, de forma que canto mais consumo, maiores descontos no propio comercio local.

Impulso ás semanas temáticas comerciais, con programacións estables, e promocionar o comercio electrónico en colaboración con empresarios locais.

RECUPERACIÓN DO ALUMEADO DE NADAL, como elemento fundamental da campaña comercial en decembro.

MELLORA DOS APARCAMENTOS PÚBLICOS NAS ZONAS COMERCIAIS: CACHEIRAS, MONTOUTO, CASALONGA, PONTEVEA.

DISEÑO E EXECUCIÓN DUN

PLAN ESTRATÉXICO EN TURISMO, baixo dirección técnica de turismo, con 4 posibles eixes: TURISMO CULTURAL; TURISMO DE NATUREZA E TURISMO ACTIVO; TURISMO ETNOGRÁFICO; TURISMO DE CONVENCIONS E EVENTOS, coas prioridades en Concello Xacobeo; sistema fluvial Ulla Deza, e a rede de rutas como produto vertebrador de todo o patrimonio.

Loita pola declaración do **Camiño da Xeira Romana e dos Arrieros** de camiño xacobeo. O tramo de Pontevea – Santiago sería a última etapa deste Camiño, coa conseguinte xeración de oferta turística (aloxativa, gastronómica e complementaria).



Potenciación de Teo como concello mais próximo a Santiago que pertence a **sub zona Ribeira do Ulla da DO Rías Baixas** coas seguintes parroquias: Bamonde, Lampai, Oza, Rarís, Reis, Teo e Vilariño.

Posibilidade como concello de ser integrante da Ruta do Viño das Rías Baixas e oportunidade para dinamizar o produto eno gastronómico con visitas ás vendimas, e organizar catas cos viños de Teo nos establecementos de restauración do concello.

LANZAMIENTO DO POLÍGONO DA RAMALLOSA, con revisión do sistema elixido para a execución do mesmo, buscando a participación maior dos propios empresarios/as.

Impulsaremos un **PLAN DE EMPREGO LOCAL**:

- mellora da accesibilidade para fomento do emprego.
- cursos de formación para desempregados/as e de mellora das capacidades.
- obradoiros de emprego: mellora das solicitudes para a consecución destes obradoiros, que son competencia autonómica.
- Implantar un **PROGRAMA DE EMPREGO MUNICIPAL PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN** que evite a dispersión de medidas e esforzos e que asegure a coparticipación constante das empresas e a integralidade de todas as etapas do proceso de inserción sociolaboral: orientación, formación prelaboral e laboral, prospección, acompañamento, inserción, seguimento, avaliación...
- Diseñar actuacións específicas para mozos e mozas que abandonan o sistema educativo ou con dificultades para manterse no mesmo, ou de familias en situación de pobreza severa.

Debemos aproveitar o grande potencial que ten o Instituto de Cacheiras para a posta en marcha de **PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL** destinados a formación de xoves sen cualificación profesional, destinados a melloralas súa formación e capacitalos para realizar determinados oficios, traballos e perfís profesionais. A súa finalidade é facilitala inserción laboral e realizar prácticas nas empresas do Concello.

Proporemos a **ampliación de ciclos de Formación Profesional para o IES de Cacheiras** en ramas de interese para os mozos e mozas do Concello: como actividades forestais, cultivos de horta, explotacións agrarias, viveiros e xardíns. no ramo da hostalaría como cociña e restauración, repostería-pastelería. Terían prioridade o alumnado con problemas de discapacidade física ou psíquica.

Reprantexar o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) dende unha perspectiva de progresividade. Aumentando fiscalidade á vivenda baleira e reducíndoa para persoas con necesidade ou arrendamento con fin social, contribuíndo a reducir a fenda de xénero.

Promover o acceso á vivenda en réxime de aluguer social.

Buscar **alternativas para o financiamento de obras de rehabilitación**, co fin de que os fogares teenses podan aproveitar as múltiples opción de subvención de mellora residencial existentes neste momento.

Crear unha liña de orzamento e procedemento de prevención do desafiuzamento que asegure o mantemento da vivenda ante a posibilidade de perda da mesma e sen agardar a que se produzan impagamentos ou mesmo a execución.

Continuaremos a **loita para evitar a instalación da PIROTECNIA EN SOLLANS**.

Loita pola consecución da **FIBRA EN TODO TEO**, así como da mellora das conexións telefónicas nas parroquias con deficiencias, como Lampai. Instalación de fibra nas casa comúns que non contén con ela.

POR UN TEO VERTEBRADO

REVISIÓN DE TODAS AS INSTALACIONES MUNICIPALES, en especial os tema de humidades e filtracións, así como mellora da eficiencia enerxética e accesibilidade. Programación das melloras e continuo seguimento do seu estado, así como da súa limpeza.

Execución do **PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE** con diversas medidas para mellorar a mobilidade e a seguridade na circulación viaria para identificar os puntos de risco, evitar os maiores perigos, desenvolver políticas de prevención, garantir a disciplina viaria e reducir a sinistralidade do tráfico.

Priorizar a accesibilidade nos orzamentos de investimentos e obra pública municipal, establecendo no 2020 un Plan urxente de Accesibilidade Universal que asegure a liberdade de movementos das persoas con calquera tipo de discapacidade ou dependencia, nas súas vivendas e no seu entorno, dacordo coa Lei 10/2014 de accesibilidade

LOITA POLA CONSECUCCIÓN DUN ACCESO DE ENTRADA E SAÍDA DA AP-9

MODIFICACIÓN DO PXOM Fundamental neste PXOM é a reformulación do viario de conexión entre Cacheiras e Calo que axude a articular máis a mobilidade e conexión veciñal dentro do concello así como os previstos parque industriais e comerciais.

Estudos de oferta e demanda antes de urbanizar polígonos baleiros. Revisión do solo urbanizable existente no concello.

Planificación das novas intervencións urbanas sobre espazos infra urbanizados existentes. É necesario articular mecanismos de conexión entre a cidadanía que vertebre un concello mais humanizado.

COMPROMISO DE PERMUTA CO PATRONATO DE CEMITERIO DE CACHEIRAS QUE PERMITA A EXECUCIÓN DUN TANATORIO VECIÑAL e MODIFICACIÓN DO PXOM PARA ESTE OBXECTIVO.

AVANCE das redes de abastecemento e saneamento en Teo: con especial incidencia en Lampai.

Continuación da política levada a cabo entre 2015-2021, de redacción e execución de obras con ESTRITO CONTROL MUNICIPAL, facilitando o coñecemento destes aos cidadáns mediante a súa exposición pública.

Insistiremos na coordinación cos nosos representantes no Parlamento e Senado ante o Ministerio de Fomento para unha solución viable para a **HUMANIZACIÓN DA N-550**, cuxa titularidade corresponde á Administración Central, e que presenta unha situación altamente conflitiva tanto para a circulación de vehículos coma para a seguridade peonil, **tras o avance realizado coa consecución da rotonda de Francos.**

Procederemos a executar a limpeza e corte de herba en cunetas e marxes de viarios cunha maior frecuencia da que se está a executar, que permita unha óptima visibilidade tanto para o peón coma para o condutor de vehículo e polo tanto unha maior seguridade nas nosas estradas en calquera época do ano.

Non máis badéns colocados sen proxecto técnico. A instalación de obstáculos nas nosas estradas debe ser estudiado e proxectados xunto cos técnicos e a policía local.

Xestionar coa Comunidade Autónoma un **NOVO Plan de Transporte Metropolitano** a través dun estudo que permita chegar a unha mellora en itinerarios e frecuencias, e en pleno momento da revisión das liñas.

Vixianza do **CUMPRIMENTO DOS CONTRATOS AUTONÓMICOS DE CONCESIÓN DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS.**

Loita pola **MELLORA DA CONEXIÓN CON SANTIAGO DESDE AS PARROQUIAS DO ESTE E SUR.**

Estudo da posibilidade de creación dunha **liña directa que leve á veciñanza ao P.olígono do Tambre/Costa Vella e San Lázaro.**

REVISIÓN DO TEOBUS. Boa idea na teoría, fracaso na execución. Primeiro, estudo técnico de necesidades; segundo, implantación de melloras; terceiro, revisión anual de resultados.



Continuación cos **Programas de Intervención Integral en Núcleos Rurais**. Xa executamos obras de reurbanización en Ribas, Fornelos, Vilela, Mouromorto, A Silva ou Sestelo.

Programación nos asfaltados e nos rebacheados, dando diferentes niveis de prioridade conforme ao estado das pistas, como se fixo no período 2015-2021. No caso de obras de urbanización, ditas obras deben vir acompañadas de aglomerado como no caso da senda entre Luou e Insúa ou na de Reis e Luou.

Mellora da Limpeza de **cunetas** dos viarios secundarios, incluíndo o desatasco de tubaxes nas cunetas.

PROGRAMA PARA A **SUXECCIÓN DOS CONTENEDORES** DO LIXO, CON BASE INCLUÍDA, como os de Vilanova en Recesende.

PLAN DE REHABILITACION NOS TILOS. Tras a exitosa reordenación viaria este mandato toca humanización e rehabilitación da zona, en especial, mellora de beirarrúas e zonas verdes. RETIRADA DA TIROLINA, LIMPEZA DE PINTADAS E DA PRAZA CIRCULAR, MELLORA DE SINALIZACIÓN VIARIA, con fondos europeos.

PULO POLA AXILIZACIÓN DA **CONCENTRACIÓN PARCELARIA** nas parroquias teenses sen acordo final de adxudicación das fincas.

Realización dun **Inventario Municipal de bens**.

Reanudación da inversión en **PARQUES BIO-SAÚDABLES** en todas as parroquias.

EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN EN PARQUE MONTOUTO. Reordenación de tráfico e mellora de beirarrúas e de servizos existentes, tanto na Rúa Rosalía de Castro como en rúas interiores.

Construción dun **CENTRO DE DÍA** que cubra as necesidades de atención, ocio e benestar dos nosos maiores. No caso de que a Xunta siga na súa política de abandono das necesidades teenses, optarase pola **XESTION MUNICIPAL**, con financiamento provincial.

Reurbanización do **Agro da Ramallosa**, compromiso de colaborar coa veciñanza no arranxo dos problemas de filtración desde as zonas públicas.

HUMANIZACIÓN DA ZONA DA **IGREXA DE LUOU**, fronte a Mámoa de Luou. O obxectivo, seguridade viaria coa menor incidencia urbanística.

SOLUCIÓN AO ABANDONO de Val da Ramallosa e doutras instalacións en estado ruinoso, como a discoteca de Montouto.

REMATE DA SENDA CIRCULAR CENTRO-SUR DE TEO, con especial incidencia na zona de **Oza**, sempre mantendo a seguridade na circulación dos vehículos.

Continuación coa política de execución de SENDAS: Lampai, desde a casa común á Igrexa; Solláns, finalización do tramo entre Mazas e Solláns,; Reis,

na zona de Oliveira... pero con control estrito na súa execución, para evitar problemas na circulación dos coches.

LOITA POLA MELLORAS DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS EN TEO, especialmente nas provinciais.

Loita pola mellora da **seguridade viaria na Estrada autonómica entre Teo e Pontevea**, cunha senda de conexión con iluminación.

Continuación
coa política de
REVISIÓN DO
ESTADO DOS
PARQUES
INFANTILES
DE TEO.

Execución dun
novo **PARQUE
INFANTIL** en
Cacheiras:
consensuar
coa veciñanza
a posibilidade
de que sexa
na zona da
Leiteira.



Mellora na
limpeza de lavadoiros, como os do río de Insúa.

Estudo das posibilidades de uso da Casa Rectoral de Bamonde: posibilidade de revisar acordo coa Igrexa.

Arranxo beirarrúas e aumento das mesmas en Pontevea. Debemos conseguir que a Xunta mellore a seguridade viaria neste núcleo.

LOITA ANTE A XUNTA POLAS CONEXIÓNS CO SUR DA AG-59, NA SAÍDA DE PONTEVEA.

POR UN TEO SOSTIBLE

As actuacións levaranse a cabo en tres eixos clave que terán como finalidade principal a procura do benestar integral da cidadanía, tanto no ámbito urbano como rural:

A.- enerxético

B.- medioambiental

C.- agrario/forestal

De forma transversal, desenvolveráanse programas de educación infantil e formación á cidadanía: compostaxe, aforro enerxético, educación ambiental, sostenibilidade no rural, etc



A.- ENERXÉTICO

CONTINUAREMOS COA **LOITA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA, TANTO A NIVEL DOMÉSTICO COMO EMPRESARIAL.**

CONTINUAR CO SERVIZO DE ASESORAMENTO ENERXÉTICO,co obxectivo final da redución da factura da luz.

MÁIS DE 320 BONOS SOCIAIS TRAMITADOS E CONSEGUIDOS NOS ÚLTIMOS SEIS ANOS.

AMPLIACIÓN DO HORARIO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E DAS FACTURAS A REVISAR: LUZ, GAS,..

Retomaremos as charlas nas parroquias, para informar á veciñanza.

Retomaremos a campaña de **TEO SOSTIBLE: LOITA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA**, que no período 2015-2019, axudaron á rebaixa da factura enerxética a 30 fogares, en colaboración con Servizos sociais municipais

CAMBIO DAS FAROLAS EN VAPOR DE SODIO AINDA EXISTENTES EN TEO, POR LED.

CONTINUACIÓN COA POLÍTICA DE EFICIENCIA ENERGÉTICA.:
fotovoltaicas e electrolíneas en instalacións municipais, principalmente nas Casas Comúns,

Potenciación das rutas ciclistas seguras. Retomaremos o camiño andado que foi paralizado no 2022, de melloras das infraestruturas ciclistas.

Colaboración coas empresas teenses para a mellora das instalacións eléctricas: aumento de potencia.

CREACIÓN DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS, a través das subvencións europeas destinadas a este tema, nunha fase inicial vencelladas a fotovoltaicas, en **AUGAS MANSAS E CAMPOS DE MIRABEL**.

B.- MEDIOAMBIENTAL

PRIORIDADE NA CONTINUACIÓN DA POLÍTICA DE DEFENSA MEDIOAMBIENTAL NA CASALONGA EN APOIO Á LOITA VECIÑAL, A TRAVÉS DA PLATAFORMA CASALONGA LIMPA DE RESIDUOS:
continuación da loita por melloras normativas e todos os niveis (estatal, galego e local); e emprego de todos os mecanismos municipais para á defensa da zona como residencial, **INCLUÍDA A NEGOCIACIÓN COA EMPRESA PARA O SEU ABANDONO TOTAL DO PROXECTO.**

VIA XUDICIAL PARA RECUPERACIÓN DA PISTA DA CANTEIRA.



MELLORA DA POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO: con dous eixes fundamentais:

REVISIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DO LIXO, revisión dos puntos de recollida e dotación dos mesmos, fomento da compostaxe, de forma individual no ámbito rural e/ou colectiva no ámbito urbano. Esta actuación podería implicar unha redución de taxas municipais.

POLÍTICA DE ELIMINACIÓN DE VERTIDOS: redución ata a súa total eliminación de puntos negros de vertidos como os Verxeles.

Loita por un mellor **Acondicionamento dos ríos e regatos teenses e do seu entorno:** colmatación, acondicionamento e disfrute do entorno, con presión aos organismos competentes.



RECUPERACIÓN E HUMANIZACIÓN DE ZONAS VERDES FUNDAMENTAIS PARA O CONCELLO, como é o Campo da festa da Santa Eufemia, ou na zona da CSC A Ponte Vella en Reis.

Impulso á RUTA DOS MUIÑOS DE VILAVERDE, EN CALO.

EXPROPIACIÓN DAS ZONAS PRIVADAS DA CARBALLEIRA DE FRANCOS NON AO PARQUE EÓLICO DO MONTE PIQUIÑO.

C.- AGRARIO/FORESTAL

FRONTE Á TERCERIZACIÓN, ACCIÓNS FORMATIVAS sobre as posibilidades da agricultura como saída profesional e fonte de emprego. Especialmente con formación en cultivos de horta (intensivos en man de obra e que non precisan moita superficie), agricultura ecolóxica e apicultura. Con especial énfase na procura de comercialización dos produtos, a través da integración en cooperativas, ou de cadeas loxísticas cos principais centros de distribución que operan en Galicia.

CREACIÓN DUN POLÍGONO AGRÍCOLA. Queremos xerar un polo de actividade, de xeración de emprego e riqueza, utilizando os recursos

endóxeos que hai no noso concello e actualmente infrautilizados. Fundamentalmente orientado á xente moza e a parados que veñen tendo dificultades de inserción laboral, a pesares dos seus esforzos por reincorporarse ao mercado laboral. Mobilizando terra agraria actualmente sen aproveitamento, para que poida poñerse a disposición das persoas interesadas en producir: facilitando acordos cos seus propietarios para o seu arrendamento, e mediante un convenio específico co Banco de Terras de Galicia. Incluirán tres tipos de accións de fomento municipal:

- Apoio e asesoramento na dinamización e busca de terreos, a través do BANTEGAL, e cun apoio fundamental ao cooperativismo.
- Formación dos cooperativistas e emprendedores, a través da colaboración de entidades con experiencia acreditada na posta en marcha de iniciativas de desenvolvemento rural no sector agrario.
- Apoio á integración destes produtos nos canais de comercialización, para facilitar a súa chegada ao mercado e a remuneración económica dos produtores.

ACCÍONS DE DINAMIZACIÓN FORESTAL. O sector forestal é outro importante recurso endóxeo presente no noso concello. Hai que facilitar formación aos propietarios forestais, en materia de lexislación forestal, certificación, xestión forestal sostible, principais pragas e enfermidades das nosas especies forestais, e tamén en selvicultura e manexo do arborado para que sexa rentable e produtivo. Igualmente promover dende o Concello iniciativas para a xestión conxunta do monte, de forma que sexa rendible a pesares do minifundio. A idea é lograr que non haxa superficie de monte abandonada no concello.

Creación de **COMUNIDADE DE MONTES** en LAMPAL, coa mellora da acción municipal de prevención de incendios, especialmente nas zonas ZAR.

POR UN TEO SOCIAL

Creación da **CASA DA CULTURA DE TEO**, con espazo para as asociacións teenses, na antiga **NAVE DE CEPILLOS DE CACHEIRAS**. Dobre faceta: fundación artística e zona sociocultural para veciñanza, asociacións con especial incidencia na mocidade.

IMPULSO A UN NOVO AUDITORIO MUNICIPAL: BEN NA CASA DA CULTURA, BEN NA PARCELA ANEXA Á ESCOLA INFANTIL DE CALO.

MELLORA DAS ACTIVIDADES PARA A MOCIDADE: COLABORACIÓN CON ACTIVIDADES XUVENÍS COMO AS “PELEAS DE GALLOS” QUE SE REALIZAN EN CALO, POR EXEMPLO.

Cambios na política de subvencións municipal: aumento das subvención de tipo competitivo e priorización das iniciativas locais.

É necesario salientalo traballo realizado por **ASPAMITE**, que cumpriu 20 anos, mostrándolle o noso apoio e colaboración as súas actividades e **para o centro que necesita construír en Fíxó (Calo).**

Estudio do **uso do local colaborativo de Solláns**, sen uso desde o ano 2021: cesión á entidades asociativas da zona; usos máis abertos coa súa inclusión na rede de Casas Comúns.



AMPLIACIÓN DAS DOTACIONES ECONOMICAS PARA AS ACTIVIDADES ASOCIATIVAS: mellora na xestión das mesmas con aumento de dotación para gastos de funcionamento.

Obtención dunha **CARPA MUNICIPAL CON ESCENARIO, MEGAFONÍA E**

ILUMINACIÓN, para as actividades municipais e asociativas no exterior.

Creación dunha nova **CASA COMÚN en Montouto**, e mellora das actividades nas existentes, conforme ás necesidades de cada parroquia.

Arranxo das humidades e problemas acústicos no Local social da ponte Vella.

Continuación dos **“CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS”**, conforme á planificación do PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DE TEO para garantir a seguridade dos desprazamentos peonís entre centros educativos e domicilio. REMATE DO DE CALO, AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DO CEIP DA RAMALLOSA E DO IES DE CACHEIRAS.

Amplialo número de escolas infantís, coa posibilidade de búsqueda de construción dunha nova escola infantil en Cacheiras e melloral a cobertura pública de prazas escolares de 0 a 3 anos.

REVISIÓN DA POLÍTICA DE SERVIZOS SOCIAIS. Reforzo en traballadoras e en medios.

Licitación do novo servizo de SAF con criterios de mellora laboral. Estudio das posibilidades de acordo coa representación sindical sobre melloras laborais no sector.

Aproveitaremos os centros escolares e veciñais para poñer en funcionamento actividades de reforzo educativo para alumn@s con dificultade de aprendizaxe con persoal voluntario cualificado e se é preciso posto polo Concello.

Máxima colaboración e apoio as ANPAS, Consellos Escolares e equipos directivos dos distintos centros educativos do Concello nas súas propostas e reivindicacións, **EN ESPECIAL COA NECESARIA REFORMA TOTAL DO CEIP DA IGREXA EN CALO.**

ACONDICIONAMENTO DOS COLEXIOS RURAIS DE TEO, TANTO EXTERIOR COMO INTERIOR, EN ESPECIAL DO CRA DA IGREXA DE CACHEIRAS.

COMEDOR E CONCILIACIÓN PARA AS ESCOLAS DO CRA, como se está a facer no concello de Ames.

Estudio e racionalización das **liñas de bus escolar** para intentar que a administración competente, a Xunta, as adapte ás necesidades reais da poboación.

Faremos posible que nin un só alum@ careza do material escolar necesario por falta de recursos, co obxectivo do acceso gratuíto aos libros de texto no ensino.



Colaborar nas actividades extraescolares dos distintos centros (deportivas, viaxes culturais, de intercambio educativo con outros centros) para fomentar a convivencia, a igualdade e solidariedade.

Elaboración dun **MAPA DE RECURSOS E EQUIPAMENTOS ESCOLARES** que, contemple entre outras cousas, necesidades materiais, problemas de infraestrutura, recursos didácticos, accesos, etc.

Garantiremos **O ACCESO AO COMEDOR ESCOLAR A AQUELES ALUMNOS/AS QUE QUEDARON SEN PRAZA NO CEIP TILOS.**

Arranxo da antiga casa do conserxe no CEIP Tilos que facilitaría a ampliación do comedor ou para outros usos que o centro considere.

Solicitar do organismo competente **AS MELLORAS E AMPLIACIÓN DO IES DE CACHEIRAS** ASÍ COMO DA HUMANIZACIÓN DAS INMEDIACIÓNS.

CONVOCATORIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL de forma regular, como mecanismo de defensa da educación pública e de calidade en Teo.

PREMIOS Á EXCELENCIA ESCOLAR, con dotación económica para os mellores expedientes académicos.

Creación dunha **BIBLIOTECA INTELIXENTE**, aberta 24 horas/365 días.

PLAN DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA: colaboración co IES para facilitar que todas as rapazas e rapaces poidan ir a Reino Unido no marco deste Plan.

Loita pola mellora dos servizos no CENTROS SANITARIOS TEENSES:

LOITA E COLABORACIÓN COA XUNTA POLO **GRANDE CENTRO SANITARIO CENTRAL DA RAMALLOSA**, con maiores e mellores prestacións sanitarias.

Loita polo mantemento e conservación dos centros de saúde de TILOS E CALO.

XESTIÓN EFICAZ E EFICIENTE DE TODAS AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (MANTEMENTO, LIMPEZA).

Mellora da organización de actividades deportivas, en especial, nos horarios dos clubs de fútbol.

Reforma das instalacións deportivas:

ALUMEADO LED PARA OS CAMPOS DE CACHEIRAS, RECESENDE, RARÍS E PRAIÑA.

Mellora do mantemento das instalacións, coa ampliación de persoal responsable da conservación dos campos.

Reforma das instalacións interiores e muros exteriores do campo de fútbol de Calo. Arranxo das deficiencias do campo de herba artificial de Calo.

Mellora dos pavillóns municipais de Ramallosa e Tilos, con solución de humidades.

Preparación do pavillón de Tilos con megafonía, mellora de vestiarios,.. como lugar de referencia para a práctica da patinaxe artística.

CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL DE FÚTBOL 8 NAS INSTALACIÓNS JUAN AMADO, EN REIS.

Estudio dun novo pavillón deportivo na zona de Cacheiras, nas instalacións da Cañoteira.

Potenciación e mellora do deporte en colexios e institutos, mediante a creación de campionatos entre eles.



Apoio aos técnicos e monitores deportivos mediante cursos formativos a través de convenios de colaboración coas distintas federacións deportivas.

Creación do programa **TEO MÓVESE** para a universalización progresiva da práctica do deporte, coa promoción da práctica deportiva para todas as idades.

Colaboración e coordinación con todos os clubs deportivos federados do municipio.

Ampliación e mellora das PISCINAS MUNICIPAIS DE TILOS E LUOU.

Estudo de novas instalacións deportivas, por exemplo, para o ciclismo profesional e amateur.

Creación dunha **Escola de Natación en Teo** nas instalacións da piscina municipal da Ramallosa, con vistas a formacións de equipos federados que podan competir tanto no ámbito autonómico e nacional como internacional.

COLABORACIÓN COS DEPORTISTAS TEENSES QUE VIAXEN A COMPETICIÓNS NACIONAIS E INTERNACIONAIS.

Implantaremos o **BONO CULTURAL** para os colectivos con menor poder adquisitivo, para que podan acceder sen dificultade ás diferentes programacións culturais da localidade.

Aumento da oferta cultural para os mozos e maiores: utilización do Auditorio da Ramallosa para a **realización de ciclos de cine a prezos reducidos**.

Plan de Promoción e Difusión do Camiño Portugués ao seu paso polo concello de Teo. Defensa e promoción do Camiño da Geira e dos Arrieiros.



LOITA POLO PLAN INTEGRAL DE MELLORA DA ZONA DO BIC DA PONTE DE PONTEVEA: recuperación da calzada antiga. Potenciación deste BIC dentro da estratexia turística do Concello.

REVITALIZACIÓN DO MUNDO CABALAR DE TEO. Ameaza de perda de autenticidade da **Feira cabalar San Martiño de Francos**. Urxe a vinculación da feira co mundo cabalar, cambios estéticos e de calidade para o

impulso da artesanía e do turismo. Aumento das festas populares e máis apoio ás parroquiais.

Creación dunha **Festa da Xuventude** e dunha **Festa dos e das Maiores**.

IMPULSO DE TEO COMO CONCELLO AMIGO DOS ANIMAIS, loitando activamente contra o abandono e o maltrato animal. Fomento da adopción responsable e **COLABORACIÓN COAS ASOCIACIÓNS ANIMALISTAS DO NOSO ENTORNO**, cunha función tal fundamental na protección animal.

Reformulación do sistema de refuxio actual de animais: estudo da posibilidade dun refuxio propio, en colaboración co tecido asociativo teense.

Elaboraremos un **Plan de Emprego Feminino**, no que se recollan medidas específicas para mellorar a empleabilidade das mulleres, a súa formación, a incorporación laboral das máis novas e a reinserción no mercado de traballo daquelas que perderon o emprego. Este Plan recollerá medidas específicas para mellorar o emprego de mulleres con maiores doses de vulnerabilidade: mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero ou mulleres inmigrantes con escasa formación.

Programas de formación en colaboración cos centros educativos, ANPAS e Asociacionismo de Teo, para a prevención de condutas violentas contra as mulleres.

Programas de sensibilización da cidadanía e das entidades sociais.

Programas de formación para persoal municipal que permitan detectar os casos de violencia oculta e atender correctamente ás vítimas.

Activaremos a **CREACIÓN NA WEB MUNICIPAL DUN ESPAZO TEO IGUALDADE**, que permita divulgar a oferta de actividades, formación, apoios, asociacións e políticas vinculadas coa igualdade de xénero.

Incluiremos a perspectiva de xénero á hora de definir e apoiar Programas de Actividades Cívicas e Culturais da rede das Casas Comúns: TICs, actividades deportivas, artísticas, culturais, etc.

Desenvolvemento e potenciación da **Oficina Municipal de Información Xuvenil**, dotada de canles de información e difusión diversos, integrando o uso das redes sociais e a creación de espazos virtuais de información.

CANDIDATURA DO PSdeG-PSOE DE TEO

1 UXIA LEMUS DE LA IGLESIA

2 JOSE MANUEL ELIAS NOYA

3 MAYTE ARGIBAY SILVA

4 PABLO SALGUEIRO RODRIGUEZ

5 MONTSERRAT REGUEIRO CEBEY (IND.)

6 NISAR MAARAWI PENA

7 MARIA DEL MAR DOCE CODESO (IND.)

8 ROSA MARIA MARTINEZ BOQUETE (IND.)

9 ENRIQUE DURAN JULIAN

10 ANTONIO CARREIRA VILLAR

11 JOSEFINA ANGUEIRA COTO

12 ESTEBAN LESTON FERNANDEZ

13 ZORA CONCEPCION LEIS BARCIA

14 JOSE GUTIERREZ CAROU

15 LORENZO AMENEIRO GARCIA

16 HORTENSIA LAVIN RAPP

17 ROBERTO MOÑINO GIL

SUPLENTES

1 BALBINA GONZALEZ MORCILLO

2 DANIEL GARCIA DIOS

#VOLTAMOSXUNTOS

<https://www.facebook.com/socialistasdeteo>

Twitter: @psoeteo

Instagram: @psoeteo

<https://agrupacionespsoe.es/teo/>